

Exercicio de Autoavaliación I da Unidade: “Medio Ambiente e Humanidade”**Exercicios de resposta única:****1.- O medio ambiente está formado por:**

- a.- Plantas e animais.
- b.- Un conxunto de compoñentes físicos, químicos, biolóxicos e sociais.
- c.- Todos os hábitats dos seres vivos.

2.- Os compoñentes do medio ambiente:

- a.- Interaccionan entre todos eles
- b.- Non interaccionan entre eles.
- c.- Unicamente interaccionan os compoñentes de tipo biolóxico.

3.-A relación depredador – presa é de tipo:

- a.- Pechada positiva.
- b.- Encadeada.
- c.- Pechada negativa.

4.- A Terra pode considerarse como un sistema formado por un conxunto de subsistemas terrestres:

- a.- Verdadeiro.
- b.- Falso.
- c.- Só cando se estudan os seres vivos.

5.- A Terra pode considerarse un sistema:

- a.- Illado.
- b.- Aberto.
- c.- Pechado

6.- Os bucles de realimentación positiva:

- a.- Son estabilizadores dos sistemas.
- b.- Producen crecemento incontrolado
- c.- Non representan cambios

7.- O efecto invernadoiro:

- a.- É un efecto natural que condiciona o clima terrestre.
- b.- Existe unicamente debido ás actividades humanas.
- c.- Só existe durante o día.

8.- A presenza de po na atmosfera:

- a.- Provoca unha diminución da temperatura da superficie terrestre.
- b.- Provoca un aumento da temperatura da superficie terrestre.
- c.- Non ten ningunha relación coa temperatura da superficie terrestre.

9.- A sociedade paleolítica é:

- a.- Agrícola e gandeira
- b.- Industrial
- c.- Cazadora e recolectora.

10.- As reservas son:

- a.- Recursos non explotados na actualidade.
- b.- Recursos explotados de forma rendible
- c.- Non son recursos naturais.

**SOLUCIÓNS:**

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
b	a	c	a	c	b	a	a	c	b